

MUIÑEIRA DE LUNEDA, A Cañiza.

BAILA RAPARIGHA BAILA
COA SAIA DE PUNTILLA
TENTE COIDADO NON CAIAS
AGHÁRRATELL'A PATILLA/
CONCHA DA IALMA NON CHORES

*IO PASA-LO REGHEIRIÑO
MARUXIÑA DÁM'A MAN
QUE SE NON CASAS COMIGHO
CASARÁS CO MEU IRMÁN
CASARÁS CO MEU IRMÁN
CASARÁS CO MEU IRMÁN
IO PASA-LO REGHEIRIÑO
MARUXIÑA DÁM'A MANHE*

CONTRA A ENVEXA DÁLLE LUME
QU'HAI MOITA NESTE LUGHARE
S'ALGHUNHA M'ESTÁ ESCOITANDO
COIDADO CON REBENTARE
CONCHA DA IALMA NON CHORES

O TOXO CANDO ESTÁ SECO
É MOI MALO DE COLLERE
A AMIGHA QUE SAE FALSA
NON SE LLE PODE QUERERE
CONCHA DA IALMA NON CHORES

ACOMPARO O TEU CARIÑO
COA IAGHUA DA TRONADA
CHOVE MOITO EN POUCO TEMPO
NON SE LL'APROVEITA NADA....